

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 974/2019

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Contratacións

Interesado: _____

Data de iniciación: 11/12/2019

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da memoria xustificativa da necesidade de contratación e dos seguintes antecedentes:

- Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra de data 18 de xuño de 2018 pola que se concede unha subvención ó concello de Mondariz ó abeiro da convocatoria de “Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019” por importe de 44.039,97 €, dos cales 5.566,00 € corresponde a honorarios de asistencia técnica, para financiamento do investimento “Obras de reparación 2ª Fase Escola de Redo de Vilar”.
- Decreto de Alcaldía nº 133 de 15 de marzo de 2018 polo que se aproba o proxecto técnico denominado “Obras de reparación 2ª Fase Escola de Redo de Vilar”.
- Acta de replanteo previo das obras asinado polo redactor do proxecto técnico o 26 de xullo de 2019.

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Obras de reparación 2ª Fase Escola de Redo de Vilar			
Procedemento: aberto simplificado		Tramitación: ordinaria	Tipo de contrato: obras
Clasificación CPV: 45214000-0	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación (IVE excl.): 31.796,67 €		Impostos: 6.677,30 € IVE	Total: 38.473,97 € (IVE incl.)
Valor estimado do contrato: 31.796,67 euros			
prazo execución: 3 mes			
Garantía provisional: Non		Garantía definitiva: 5%	Garantía complementaria: Non

Visto informe de Intervención asinado o 12 de decembro respecto do órgano competente para levar a cabo a contratación obxecto deste expediente.

Visto informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable así como o procedemento a seguir respecto da presente contratación asinado en data 12 de decembro de 2019.

Visto informe do técnico redactor do proxecto de data 26 de xullo de 2019 onde se establecen as razóns da imposibilidade da adxudicación do contrato en lotes.

Visto que pola Intervención se ten certificado a existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato e informado sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto en data 13 de decembro de 2019.

Tendo en conta que a presente actuación foi proxectada en dúas fases:

- Fase I: “Obras de Reparación en la Escuela de Redo en Vilar” adxudicada mediante o procedemento do contrato menor ó contratista LEMOS MARTÍNEZ SL por un importe



C/ Merouces, 16, Mondariz. 36870 Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
info@concellodemondariz.com



Cod. Validación: 668K2FAZQ9KFYCDNJ39ZC9MT4 | Corrección: http://mondariz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

Concello de Mondariz

de: 33.966,94 euros + 7.133,06 euros de IVA= 41.100 EUROS por Resolución de Alcaldía de data 01/12/2017.

- Fase II: Obras de reparación 2ª Fase Escola de Redo de Vilar (obxecto do presente expediente) cun orzamento base de execución de 31.796,67 € + 6.677,30 € de IVE.

De acordo co artigo 99.2 da LCSP e en consonancia co Informe 69/08, de 31 de marzo de 2009 da Junta Consultiva de Contratación Administrativa e co informe 1/2017 da Junta Consultiva de Contratación Administrativa de Aragón de 1 de febreiro, e atendendo ó valor estimado total do proxecto (65.763,61 €), é dicir, das dúas fases da obra para determinar o procedemento indicado para levar a cabo a contratación da obra.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria para a execución das “Obras de reparación 2ª Fase Escola de Redo de Vilar”, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente por importe de 38.473,97 € e con cargo á aplicación orzamentaria 321.6220290.

A presente contratación conta coa participación da Deputación Provincial de Pontevedra con cargo á subvención concedida mediante Resolución Presidencial de 18 de xuño de 2018 (registro de entrada nº 2018-E-RC-1992 DE 21/06/18) ó abeiro das bases reguladoras do Plan Concellos 2018-2019 (LIÑA 1) por importe de 44.039,97 €, dos cales 5.566,00 € corresponde a honorarios de asistencia técnica, e que supoñen o financiamento do 100 % do importe total do investimento.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, servindo como prego de Prescricións Técnicas o proxecto da obra aprobado por Decreto 133/18 de 15 de marzo de 2018, e que rexerán o contrato.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

SEXTO. Designar os membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

Presidente	Dº Diego Lugilde López. Funcionario do Concello de Mondariz
Vogais	Dª Yolanda Ortega Otero. Secretaria-Interventora do Concello de Mondariz. Dº José Javier Delgado Fernández. Técnico de Contabilidade. Dº Constante Fernández Blanco. Funcionario do Concello de Mondariz.
Secretario	Dº María del Carmen Blanco Fernández. Funcionaria do Concello de Mondariz.



C/ Merouces, 16, Mondariz, 36870 Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
info@concellodemondariz.com



Cod. Validación: 666K2FAZQ9KFYCDNJ39ZC9M74 | Corrección: http://mondariz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

Concello de Mondariz



C/ Merouces, 16, Mondariz. 36870 Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
info@concellodemondariz.com



Cod. Validación: 668K2FAZQ9KFYCDNJ39ZC9MT4 | Corrección: <http://mondariz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3